

A CONSTRUCCIÓN DE EUROPA

1. Os primeiros pasos tiveron lugar coa chegada da axuda norteamericana para a reconstrucción do continente. Esta axuda, coñecida como Plano Marshall, obrigaba ós países que a recibían a coordinarse para distribuíla. Con este fin naceu en 1948 a OECE (Organización Europea de Cooperación Económica). Ó ano seguinte (1949) creouse o Consello de Europa para fomentar a cooperación política e salvagardar as liberdades fundamentais do ser humano. O requisito imprescindible para formar parte del era que o sistema político do estado aspirante fose democrático.

2. Nos anos seguintes pónense as bases da integración económica europea:

2.1. En 1951, polo Tratado de París, creouse a **CECA** (Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro). Tratábase dun mercado común do carbón e aceiro integrado por Bélxica, Holanda, Luxemburgo, Francia, República Federal Alemana e Italia.

2.2. No Tratado de Roma de 1957 os estados da CECA acordaron a creación da **CEE** e o **EURATOM**.

a) **CEE** (Comunidade Económica Europea):

- establecía os principios do mercado único ou libre circulación de mercadorías, persoas, servizos e capitais entre os países membros.
- creaba unha política común agrícola e de transportes.
- prevía coordinar as políticas económica e social.

b) **EURATOM** (Comunidade Europea de Enerxía Atómica): pretendía desenvolver a investigación e a industria nuclear con fins pacíficos e crear un mercado común de combustibles nucleares.

A CECA, a CEE e o EURATOM formaron as Comunidades Europeas, que integraron as súas institucións polo Tratado de Fusión de 1965, que entrou en vigor en 1967.

3. Nos anos setenta continuou a construción europea. Tivo lugar a ampliación da comunidade coa adhesión en 1973 de Dinamarca, Irlanda e Gran Bretaña.

4. Nos anos oitenta:

- ingresaron Grecia (1981) e España e Portugal (1986).
- entrou en vigor a **Acta Unica Europea** (1987), que reformou os tratados fundacionais e substituíu o nome de CEE polo de **CE** (Comunidade Europea). Obxectivos principais:

a) reforma institucional que aumentase o poder do Parlamento Europeo, ata entón cámara consultiva da que emanaban resolucións que carecían de forza. Os seus deputados pasaban a elixirse por sufraxio universal.

b) plena realización do mercado único comunitario para 1993, co fin de recuperar a posición da CE no mercado internacional (posición moi debilitada neses momentos).

c) redución das diferencias de desenvolvemento entre os países comunitarios, necesaria para un bo funcionamento do mercado único. Con este fin decidíuse duplicar a cantía dos fondos estruturais para as rexións menos desenvolvidas.

d) cooperación máis estreita en medio ambiente, investigación e desenvolvemento tecnolóxico

5. Os anos noventa estiveron marcados por:

a) o **mercado único** implantado definitivamente en 1993, segundo o establecido na Acta.

b) **Tratado de Maastricht** (1992), novo tratado da CE que entrou en vigor en 1993. Por el a CE cambiaba o seu nome polo de **Unión Europea (UE)** e se establecían os seus pilares básicos:

- A Comunidade Europea:

* economicamente o seu obxectivo é lograr a unión económica e monetaria, que pretende unha maior converxencia e integración das economías europeas e a creación dunha moeda única, o **euro**.

- * o seu obxectivo social é realizar avances significativos en política social.
- Política exterior e de seguridade común (PESC). Pretende aumentar o peso político internacional da Unión, así como a súa seguridade.
- A cooperación nos ámbitos da xustiza e nos asuntos de interior.

c) En 1995 a UE ampliouse coa adhesión de Austria, Suecia e Finlandia.

d) En 1997 firmouse o Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en maio de 1999. De acordo co previsto en Maastricht, revisou o Tratado da UE, consolidando os seus pilares a través de catro obxectivos:

- facer máis eficaces as institucións da Unión, reforzando as competencias do Parlamento Europeo, incrementando a participación dos parlamentos nacionais e ampliando as decisións do Consello, para as que basta maioría cualificada en lugar de unanimidade.
- facer do emprego e dos dereitos dos cidadáns o eixo da UE.
- acadar que a voz de Europa se oia mellor no mundo.
- suprimir os derradeiros obstáculos para a libre circulación de persoas e reforzar a seguridade, incrementando a cooperación policial.

e) En 1997 aprobouse a **Axenda 2000** no Consello Europeo de Berlín. É un documento que contén a estratexia para acadar a principios do s.XXI tres obxectivos:

- o fortalecemento da Unión con reformas institucionais para mellorar a calidade de vida dos cidadáns europeos.

- a ampliación da UE cara o Leste: dende 1998 negociase con Chipre, Estonia, Hungría, Polonia, Eslovenia e a República Checa, e dende 1999 incorporáronse ás negociacións Bulgaria, Malta, Letonia, Rumanía, Eslovaquia e Turquía.

- a financiación das políticas internas da Unión e da ampliación. Os presupostos elaborados para o período 2000 – 2006 son restrictivos e regresivos porque supoñen unha redución global do gasto; esta fíxose a costa de reducir as cantidades destinadas ós fondos estruturais, á política exterior e ó Fondo de Cohesión; en cambio, creouse un novo apartado destinado a financiar o proceso de preadhesión dos candidatos que solicitaron o seu ingreso na UE, que necesitan fortes investimentos para adaptar a súa economía á comunitaria.

INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA

- PARLAMENTO:

- * poder lexislativo
- * sufraxio universal
- * sede en Estrasburgo
- * composto por grupos políticos organizados segundo afinidades ideolóxicas.
- * representa ós cidadáns da UE.
- * funcións:

- Aproba as leis e os orzamentos
- Controla ó poder executivo = a Comisión Europea
- É o gardián dos intereses europeos
- Defende os intereses da cidadanía

- CONSELLO EUROPEO:

- * formado polos xefes de Estado ou de Goberno de cada país e polo presidente da Comisión Europea.
- * reciben a axuda dos ministros de Asuntos Exteriores de cada país e dun membro da Comisión Europea.
- * ten a súa sede en Bruselas
- * está presidido por cada Estado membro en turnos de seis meses.
- * funcións:

1. impulsa e orienta a política xeral
2. coordina a política económica

3. toma as decisións máis importantes sobre política común, asuntos exteriores e seguridade.

- **CONSELLO DE MINISTROS:**

- * formado polos ministros de AA.EE. de cada Estado.
- * se se trata nel un tema específico pode acudir o ministro do ramo correspondente.

- **COMISIÓN EUROPEA:**

- * é o órgano executivo da UE.
- * formada por vinte comisarios, elixidos por consenso para catro anos, e un presidente.
- * a elección dos comisarios e do presidente debe ser ratificada polo Parlamento.
- * é a institución que garante o cumprimento dos tratados.
- * pode iniciar procedementos de infracción sobre os Estados membros, sancionar con multas ós particulares,...
- * posúe iniciativa lexislativa.
- * ten a súa sede en Bruselas e Luxemburgo.

- cada Estado membro ten unha **DELEGACIÓN NACIONAL EN BRUSELAS** que funciona como unha representación permanente dese país.

- **TRIBUNAL DE XUSTIZA:**

- * formado por quince xuíces, un por cada Estado membro, que están asistidos por nove avogados.
- * as súas funcións son garantir o respecto ó Dereito na interpretación e aplicación dos tratados.
- * as súas decisións son vinculantes para os Estados da UE.

- **TRIBUNAL DE 1ª INSTANCIA:** creado en 1989; está formado por quince xuíces elixidos por seis anos.

- **TRIBUNAL DE CONTAS:** formado por quince membros elixidos por seis anos. Ocupase da xestión financeira. Sede en Luxemburgo.

- **COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL:** 189 membros, representan a empresarios, traballadores, agricultores, consumidores,... Órgano consultivo con sede en Bruselas.

- **COMITÉ CONSULTIVO CECA:** para os problemas do carbón e do aceiro.

- **COMITÉ DAS REXIÓNS:** representantes de entidades locais e rexionais. Sede en Bruselas. Órgano consultivo en educación, sanidade, xuventude, cultura, transporte, enerxía, comunicación,...

- **BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS:** sede en Luxemburgo. A súa función é contribuír ó desenvolvemento equilibrado da Unión.

- **INSTITUTO MONETARIO EUROPEO:** formado polo Sistema Europeo de Bancos Centrais e o Banco Central Europeo. Emiten e xestionan a moeda única, o EURO.

VOCABULARIO ESPAÑA E A UE

UNIÓN EUROPEA: nova denominación da Comunidade Europea a partir do Tratado de Maastrich (7 de febreiro de 1992). Empezou a aplicarse meses despois, o 1 de novembro de 1993 debido á demora na ratificación do Tratado producida en Dinamarca, Reino Unido e Alemaña. Segundo Maastrich o seu obxectivo fundamental é acadar entre os asociados unha **moeda única** (o EURO equivalente a 166,386 ptas. e que entrará en vigor no ano 2002) e unha **unión política** antes da fin do s.XX ¿?. Os países membros na actualidade son: Bélxica, Holanda, Luxemburgo, Dinamarca, Reino Unido, Irlanda, Francia, Alemaña, Austria, Italia, Portugal, España, Grecia, Finlandia e Suecia, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Malta e Chipre.

FONDOS ESTRUCTURAIS: son os recursos financeiros básicos destinados a combater as raíces do atraso socioeconómico das rexións. Estes fondos proceden do presuposto aprobado polo Parlamento e o Consello de Ministros comunitarios e supoñen menos do 2% do P.I.B. dos presupostos nacionais. En 1999, o Consello Europeo de Berlín reformou os seus obxectivos e os reduciu a tres para aumentar a súa eficacia:

- fomentar o desenvolvemento das rexións máis atrasadas (as que teñen unha renda per cápita inferior ó 75% da media comunitaria).
- reconversión socioeconómica das zonas con problemas estruturais: rexións industriais en crise, áreas rurais vulnerables, rexións pesqueiras en reestructuración, barrios urbanos problemáticos.
- favorecer os recursos humanos mediante a adaptación e a modernización das políticas e sistemas de educación, formación e emprego...

Dentro dos fondos estruturais destacan:

1. **FEOGA:** Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola. Foi creado en 1962 para financiar melloras estruturais nas áreas rurais máis desfavorecidas da UE e que non foran incluídas nos fondos FEDER. Os seus obxectivos son:

- mellorar a renda dos traballadores.
- establecer unha política socio – estrutural que axude a crear un mercado común pretendendo protexer o emprego agrario.
- axudar ós xóvenes agricultores.
- fomento dos investimentos nas actividades turísticas e artesanais.
- desenvolvemento e fortalecemento das estrutura agrarias.
- conservación do medio ambiente.

O FEOGA ten dúas seccións:

- FEOGA – Orientación, que financia a modernización agraria e o desenvolvemento de novos sectores en zonas rurais.
- FEOGA – Garantía, que intervén nos mercados e asegura precios estables ós agricultores.

2. **FEDER:** Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, fundado en 1975 para diminuír os desequilibrios rexionais entre os Estados membros. Del participan as rexións comunitarias atrasadas cun P.I.B. inferior ó 75% da media comunitaria. Os seus obxectivos son:

- realizar investimentos e construír infraestruturas.
- reconversión industrial.
- mellorar as zonas rurais.

3. **FSE:** Fondo Social Europeo, creado en 1960 para promover as facilidades de emprego e de mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores, e a loita contra o paro, en especial o que afecta a xóvenes e mulleres.; trata polo tanto de mellorar as posibilidades de emprego e a formación e reconversión profesional. Aplícase en rexións comunitarias con diminución de empregos industriais.

4. Outras intervencións diríxense a políticas de pesca (**IFOP** ou Instrumento Financeiro de Orientación Pesqueira, que financia accións estruturais no sector da pesca fóra das rexións incluídas no primeiro obxectivo, para lograr a súa reestructuración e modernización e impulsar a acuicultura e a transformación e comercialización dos produtos pesqueiros), enerxía, innovación, transportes, cooperación e desenvolvemento